# BASES 1º CONCURSO LITERARIO
# “CAMBADOS MAR DE LETRAS”

**O IES Francisco Asorey de Cambados, co Patrocinio do Concello de Cambados, convoca na súa 1ª edición**,   o Concurso Literario   “Cambados Mar de Letras”.

**DIRIXIDO** ao alumnado dos centros educativos de Galicia, que estean cursando estudos de Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos, e sempre que non superen os 20 anos de idade.

**MODALIDADES**

- POESÍA: cunha extensión máxima de 100 versos, nun único ou varios poemas, de tema e forma libres.
- RELATO CURTO: cunha extensión comprendida entre 3 e 6 folios, de tema libre, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara.

**PRESENTACIÓN DAS OBRAS**

As obras deberán ser orixinais, inéditas e escritas en Lingua Galega, segundo a normativa ortográfica vixente. Deberán  enviarse 4 copias en papel, e unha en formato dixital (Word, pdf, open office)  nun CD ou nun Pendrive. Neles figurará o título e a plica, ou pseudónimo, do autor. Os orixinais virán acompañados dun sobre pechado onde figurarán os seguintes datos: Nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono, correo electrónico, fotocopia do DNI, Centro no que realiza os seus estudos, e o curso no que está matriculado.

No sobre exterior figurará só o nome da obra e a plica.

E serán enviados a:

**1º CONCURSO LITERARIO**

**“CAMBADOS MAR DE LETRAS”**

**IES FRANCISCO ASOREY**

**R/ OS CAEIROS Nº 25**

**36630 CAMBADOS**

**PONTEVEDRA.**



**PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Estará aberto dende o 17 de Maio do 2018 ata **10 de Outubro de 2018.**

**PREMIOS**

Concederanse **2 premios en cada modalidade, dotados con 250€ o 1º premio e 125€ o accésit, e figura conmemorativa**. Poderían ser recomendadas para a súa publicación, algunha outra obra se así o ditaminara o Xurado, pero en todo caso sen dotación económica. Os premios poderán ser declarados desertos. As obras premiadas e as seleccionadas, serán publicadas nun libro editado polo IES Asorey e o Concello de Cambados, na colección **EDICIÓNS DO SERRIDO**. Os autores recibirán exemplares do mesmo.

**XURADO**

Estará formado por profesores e escritores de recoñecido prestixio, e a súa composición será dada a coñecer con anterioridade ao fallo.

**FALLO**

Será dado a coñecer no mes de Outubro de 2018, mediante aviso aos galardoados e así mesmo, difundirase o acordo a través dos medios de comunicación. A decisión do xurado é inapelable.

**ENTREGA DE PREMIOS**

A entrega de premios aos autores galardoados, que deberán estar presentes,

terá lugar no **Concello de Cambados,** o vindeiro

**9 de Novembro de 2018, declarado como**

**Día do Poeta Ramón Cabanillas.**

A participación neste Concurso Literario

"Cambados Mar de Letras" 2018,

implica a aceptación das presentes bases.

